



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Refer.: PCO.001.2019.00316

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE DE ENVÍOS PARA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (SERVIZOS DE MENSAXERÍA E DISTRIBUCIÓN DE PEQUENA PAQUETERÍA), CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2019.00316**

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

**RESOLVO:**

1. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado polo Servizo de Patrimonio e Contratación con data 25/03/2020 e o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Servizo de Patrimonio e Contratación con data 14/02/2020, para a contratación dos **servizos de transporte de envíos para a Deputación provincial da Coruña (servizos de mensaxería e distribución de pequena paquetería)**, nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: servizos

Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios

1.2. Prazo de execución: dous anos a partir do día seguinte á data de formalización do contrato en documento administrativo, prorrogable até un máximo de dous anos mais

1.3. Orzamento máximo:

Concepto	Orzamento sen IVE	Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) ao 21%:	Orzamento máximo anual
Primeira anualidade	50.000,00	10.500,00	60.500,00
Segunda anualidade	50.000,00	10.500,00	60.500,00
Total	100.000,00	21.000,00	121.000,00

1.4. Valor estimado: 212.500,00 €

1.5. Financiamento: O contrato poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria 0112/92090/22299 do seguinte modo:

Exercicio	Fase e nº operación	Presuposto
2020	RC 220200008543	60.500,00
2021	RCP 220209000204	60.500,00
Total		121.000,00

Por tratarse dun contrato de carácter plurianual, financiarase conforme o disposto no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O contrato queda suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do contrato no exercicio 2021. Así mesmo, queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento.

2. Dispoñer que o referido contrato se adxudique mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración